



CG/ap

|                       |                                                                                                                                     |              |                 |
|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------|
| <b>Asunto</b>         | Informe dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria en relación a documento adicional                       | <b>Clave</b> | PE-PO-017-20(2) |
| <b>Proxecto</b>       | Parque eólico Alto de Montouto                                                                                                      |              |                 |
| <b>Espazo natural</b> | Ningún                                                                                                                              |              |                 |
| <b>Concello</b>       | A Cañiza e Covelo                                                                                                                   |              |                 |
| <b>Provincia</b>      | Pontevedra                                                                                                                          |              |                 |
| <b>Solicitante</b>    | Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación | <b>Ref.</b>  | IN408A 2017/18  |
| <b>Promotor</b>       | Alto de Montouto S.L.                                                                                                               | <b>Ref.</b>  |                 |

## I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 24/05/2022, do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, resposta do promotor ao informe desta dirección xeral do 03/05/2022.

A documentación que se acompaña é a seguinte:

- “RESPUESTA AL INFORME EMITIDO POR LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL” (Ourense, a 23 de mayo de 2021).
- “Memoria descriptiva de las actuaciones en el ámbito del Dominio Público Hidráulico del PARQUE EÓLICO ALTO DE MONTOUTO. Mayo 2021”.

Con anterioridade, dentro do procedemento de avaliación ambiental, esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu dous informes en relación ao proxecto do parque eólico. Os informes evacuáronse o 09/11/2021 e o 03/05/2022. Nos informes se determinaba que, para garantir a integración medioambiental do proxecto, debían considerarse as cuestións sinaladas nos mesmos, así como as medidas recollidas na documentación ambiental. Concretamente no informe do 03/05/2022, ao que se pretende dar resposta coa presente documentación, concluía sinalando



que había determinados aspectos que a documentación informada non satisfacía en relación ao requirido no informe previa desta dirección xeral do 09/11/2021.

## II. Resumo da nova documentación achegada.

---

O escrito de resposta do representante legal de Alto de Montouto S.L. expón a súa conformidade ás consideracións e condicionados incluídos no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de data 03/05/2022, e por extensión do recollido no informe do 09/11/2021.

Ademais engádese, co fin de dar cobertura ao requirido nese informe, información adicional en relación a os controis e as medidas para tomar para evitar os arrastres de terras. Para o cal se presenta o documento aludido de título "Memoria descriptiva de las actuaciones en el ámbito del Dominio Público Hidráulico del PARQUE EÓLICO ALTO DE MONTOUTO. Mayo 2021".

## III. Análise da documentación e conclusións.

---

Examinada a documentación achegada, na cal basicamente se aceptan as condicións requiridas nos informes desta dirección xeral do 09/11/2021 e do 03/05/2022 e se completan aspectos en relación as potenciais afeccións ao sistema hidrolóxico, estimase que **non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade**, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación e os informes efectuados aludidos.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.



Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de  
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas